Como somos espelidos no Nadal pedimos... LIBROS!

2º CICLO PRIMARIA

Cadros dunha exposición

Ocazul percorre o Museo de San Petersburgo onde contempla, ao ritmo da música de Mussorgsky, as pinturas de Hartmann. Os cuadros toman vida, facendo desta visita unha experiencia inesquecible, a medio camiño entre a realidade e a fantasía. Un libro-disco para espertar a curiosidad artística e a imaxinación.

Modest Mussorgsky (música)
José Antonio Abad (texto)
Xosé Cobas (ilustración)
Editorial Kalandraka



O lápiz de Rosalía

Rosalía ten seis anos. Cando fala, da súa boca saen bolboretas que pairan no ar moi alegres, dicindo palabras moi bonitas. E as súas mans tocan as cousas con seis caricias, e seis suspiros salaian á vez. Rosalía vai á escola, onde aprende a ler e a escribir.Un día acabóuselle o lapis, chegou á casa e díxolle ao pai: —Papá, tesme que mercar outro lapis. O novo lapis resultou ser moi distinto ao anterior.Ao longo del ten escrita unha frase que di:Lapis especial para nenas de seis anos. Que ten de especial ese lapis?

Antón Cortizas
Xerais

La señora de los libros
Este libro está inspirado na historia real da valiente labor das bibliotecarias a cabalo, coñecidas como «as señoras dos libros» nos Apalaches de Kentucky. No alto das montañas… e a lomos dun caballo ou unha mula, as bibliotecarias recorrían a mesma ardua ruta cada dúas semanas cargadas de libros, con independencia de que o tempo fose bo ou malo.

Heather Henson, ilustrado por David Small. Editorial Juventud

3º CICLO PRIMARIA

Lúa do Senegal
Khoedi, unha nena de dez anos, ten que deixar a súa casa de Casamence, ao sur do Senegal, para instalarse en Vigo, a cidade onde o seu pai xa leva varios anos emigrado. Lúa do Senegal aborda o tema da emigración, ese drama que supón abandonar o propio país e marchar a outro para poder traballar e vivir con dignidade.
Agustín Fernández Paz
Xerais

Lendo lendas, digo versos
Velaí, en harmoniosa compaña, vinte lendas con cadanseu poema. Lendas extraídas das raiceiras da nosa tradición, a maioría pouco coñecidas, moi variadas tanto na procedencia xeográfica como na temática tratada; poemas que, como fillos da fantasía que son, tiveron que ser arrincados dos «recantos do … cerebro, anicados e espidos» pois semella que agardaban «en silencio que a arte os vista da palabra para podérense presentar decentes na escena do mundo» (G. A. Bécquer: Introdución a Rimas y Leyendas).
Antonio García Teixeiro
Antonio Reigosa
Xerais



Nelson Mandela

Kadir Nelson explica a historia da determinación dun mozo para cambiar Sudáfrica e a loita dun home que finalmente converteuse no presidente do seu país, porque creía na igualdad e das persoas calquera que fose a cor da súa pel. Fala da loita que levou a cabo durante toda a súa vida para que o noso mundo fose un lugar máis xusto.

Kadir Nelson
Editorial Juventud

RECOMENDACIÓNS DE LECTURAS

C.E.I.P. SANTIAGO APÓSTOLO

NADAL 2015

EDUCACIÓN INFANTIL

Onde está o poliño de Rosalía?

Despois do seu relaxado paseo pola granxa *(O paseo de Rosalía*), Rosalía preséntanos o seu poliño, tan despistado coma ela. A súa nai buscarao por todos os recunchos mentres asistimos ás peripecias da cría, entre situacións cómicas e arriscadas.

Pat Hutchins (ilustración)
Silvia Pérez Tato (tradución)
Editorial Kalandraka



Cantarolas

Outra volta sobre un clásico entrañable da Literatura Infantil e Xuvenil galega, con poemas -musicados, algúns deles- que evocan os campos, o bulir da fauna dos bosques e dos ríos, e a vida cotiá da infancia no medio rural.

Texto Anisia Miranda.
Ilustracións: Xosé Neira Vilas e Leandro Lamas
Editorial Kalandraka



Cadros dunha exposición

Ocazul percorre o Museo de San Petersburgo onde contempla, ao ritmo da música de Mussorgsky, as pinturas de Hartmann. Os cuadros toman vida, facendo desta visita unha experiencia inesquecible, a medio camiño entre a realidade e a fantasía. Un libro-disco para espertar a curiosidad artística e a imaxinación.

Modest Mussorgsky (música)
José Antonio Abad (texto)
Xosé Cobas (ilustración)
Editorial Kalandraka

1º CICLO PRIMARIA

Obsevade o mundo atentos pois hai inventos a centos

Quizais aínda non o sabes pero vivimos rodeados de inventos. De onde veñen logo o móbil, a lavadora ou o televisor? Todos nos fan a vida tan fácil que case son coma da familia!

Carmen Gil
Edicións O Cumio

O gran libro dos medos do rato pequeño.

Neste libro atopamos a frase: "Ti tamén podes superar os teus medos a través do uso da arte!". Logo deste frase, segue unha lista case enciclopédica de medos, cada un na súa propia páxina, con abundancia de espazo para a resposta do rato pequeno.

Emily Gravett
Patasdepeixe Editora

La canción de las balanzas

Érase unha vez un rei que cada mañá contaba e recontaba as súas posesións dende a ventá do castelo. Todo o que vía era seu: ierras, casas, pozos e árbores. Importáballe só o prezo das cousas, pero non a felicidade das persoas. Conto infantil inspirado na *Canción de las balanzas*, escrita e composta por Josep Maria Carandell e cantada por Ovidi Montllor.
Texto: Alba Salvador Llopis
Ilustracións: Ignasi Blanch
Editorial: Takatuka